

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

2004

**Xoaquín
Lorenzo
"Xocas"**



Do ser dos pobos

Xosé Manuel Dobarro Paz

“Si en aquellos hermosos tiempos en que todavía no me estaba vedado ningún género de esperanzas, si cuando entregaba á los vientos de la publicidad las primeras observaciones acerca de la poesía y las tradiciones populares de Galicia, se me hubiese dicho que los sueños de entonces habían de realizarse, que la creación de una sociedad análoga á la del Folk-lore había de ser un hecho en mi país, y que los estudios que tan pobremente iniciaba llegarían á tener entre nosotros la importancia y valor actuales no lo hsubiera creído

nunca”. Con estas palabras iniciaba Manuel Martínez Murguía, nado o 17 de maio de 1833, o seu artigo “El folk-lore gallego” dado á luz en La Ilustración Gallega y Asturiana (28-X-1881) luxosa revista que co-dirixía na mesma capital do estado.

Efectivamente, como xa hai algúns anos salientou o profesor carriñés Domingo Blanco, fora Murguía o primeiro entre nós en darlle un papel relevante a este tipo de literatura cando, no seu traballo “Poesía Gallega Contemporánea” (El Museo Universal, 1858), recolleu seis cantigas como exemplos dalgo vivo e valioso e non como obxectos curiosos, de museo.

Varios dos chamados pecurros e dos seus continuadores no labor de dotar a Galicia dunha vizosa literatura e dunha cultura plenamente de seu e coa natural fachenda de tela contribuíron, como semella lóxico tamén, á recolleita de información etnográfica e filolóxica.

De maneira sistemática e continuada faríao o Seminario de Estudos Galegos e, en íntimo contacto con el, a revista Nós daría a coñecer moitas recolleitas na súa sección –iniciada co nº 1 e acabada co derradeiro– “Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza”, creada para acoller “ás investigacións etnográficas, filolóxicas e folk-lóricas e a toda clás d’estudios que se propoñan un millor coñecemento do pobo galego”. Inaugurarían a sección unhas “adeviñanzas” recollidas polo poeta Noriega Varela na zona do seu Mondoñedo natal.

Xaquín Lorenzo estrearáse como escritor público tamén nela cando no nº 42 (15-VI-1927), con vinte anos do trinque, deu a luz os contos “Os tres irmas” e “Os labregos e o xuez”, “Colleitados no concello de Lobeira por Xaquín Lorenzo”, como figura no remate, ó carón da data de 27 de maio dese mesmo ano 1927.

En 1936, con Cuevillas e Fernández Hermida publicou o libro Parroquia de Velle, tamén do SEG con amplo capítulo de recolla de literatura oral. En 1932 apareceu en Nós (núms. 98, 99, 100 correspondentes ós meses de febreiro, marzo e abril) “A muller no cancioneiro galego”, asinado en Santiago o 29 de xaneiro dese ano.

Trátase do texto dunha conferencia que pronunciara na Coruña co que recolle 182 cantigas, a práctica totalidade de 4 versos, das que moitas proceden das que andaban

a recoller el e máis o irmán Xurxo para o sempre inédito Cancioneiro de Lobeira que acabaría por incluírse no Cantigueiro popular da Limia Baixa (1973).

Após a dedicatoria “Pra miña nai”, o colleitor e estudioso asevera con toda razón que “Sempre foi a muller, tanto no cancioneiro galego coma nos de outros sitios, a fonte en que con máis frecuencia beberon os vates populares”. Sinala, asimismo, que se ben hai maioría de louvanza non todas as cantigas o son.

Hai ben casos de versos nos que, mesmo por misoxinia ou despeito, se atopan ataques ás mulleres que resaltan as súas condicións máis ruins. É por iso que Xaquín Lorenzo pensaba que analizando as cantigas se podería tirar o conxunto de condicións que ten o tipo ideal de muller galega.

Se cadra, si, mais se cadra, non, xa que en moitos dos casos –fundamentalmente nos referidos a tonalidades ou cores– non hai para nada unanimidades:

*Paxariño millarengo
Quixen unha nena roxa
ponte na punta do toxo;
saleume unha boa galga,
moito gusto á min me dan
e desde entonces non quero
as nenas do pelo roxo.
máis amor que a miña gaita.*

O mesmo pasa, por exemplo, cos ollos. En todo caso, desde xa novo Xocas ten como unha das atencións preferentes a conservación da tradición literaria oral.

Neste caso, o da muller, tocou un tema ben de actualidade -de onte e de hoxe-, xa por cousas negativas, o da violencia, xa por positivas, o de ir abrindo camiños á igualdade social de homes e mulleres a tódolos niveis.



Xocas estrearáse como escritor público en 1927 na revista Nós cos contos “Os tres irmas” e “Os labregos e o xuez”



«NOS TEMPOS DAS LETRAS»

PROGRAMACIÓN

No Concello de Malpica e no Centro Cívico Exposición **Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas”.**

Martes, día 25 de maio, ás 17,15 **“Os Tempos das Letras na Ludoteca Infantil”** con conta-contos a cargo do grupo teatral **Trinke Trinke.**

Mércores día 26 de maio, ás 12.30 horas, no CEIP Xaquín Rodríguez Otero, **conta contos** a cargo do grupo teatral **Trinke Trinke.**

Xoves día 27 de maio entrega aos centros de ensino do Concello de exemplares das publicacións: Casa vouga de Xosé Manuel Varela, “Crebar Cristais coa Lingua” de Paco Souto e Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas” de Clodio González Pérez.

Venres día 28 de maio, ás 10.30 horas, no CEIP Milladoiro, **conta contos** a cargo do grupo teatral **Trinke Trinke.**

Sábado 29 de maio, ás 20.00 horas, **Acto Literario** a cargo de Miguel Anxo Calvo (Pintor), Xosé Manuel Varela e Paco Souto, no cal recitaranse poemas das dúas últimas publicacións destes autores: “Casa vouga” Xosé Manuel Varela e Miguel Anxo Calvo; e “Crebar Cristais coa Lingua” Paco Souto.

Malpica de Bergantiños, maio de 2004